



Concello de Viveiro

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Tendo en conta que o Casco Antigo de Viveiro considerase peonil na súa totalidade e que actualmente está protexido polo Plan Especial de Protección Interior (PEPRI).

Tendo en conta que constitúe un espazo donde se concentran os monumentos máis emblemáticos da cidade, no que están ubicados a maioría dos establecementos comerciais e de servizos, e en cuxa Praza Maior celébrase semanalmente o mercado.

Ditas circunstancias fan ca regulación do tráfico nesta zona sexa algo peculiar, e como ata a data non conta este concello con regulación precisa na materia, enténdese necesario a elaboración dunha Ordenanza sobre **“Regulación do Tráfico no Casco Antigo de Viveiro”**.

A presente ordenanza ten como obxectivo restrinxir o tráfico no Casco Antigo, ao obxecto de conquistar unha mellor calidade de vida das persoas que viven naquela área e que a utilizan con frecuencia, existindo nesta zonas un tráfico de coexistencia, no que en todo caso resulta privilexiado o tráfico peonil.

Co obxectivo de dar cumprimento ao disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón que previamente á elaboración dun proxecto ou anteproxecto de lei o reglamento sustanciárase unha consulta pública, que se levará a cabo a través da web do Concello de Viveiro, a fin de recabar a opinión dos cidadáns e organizacións potencialmente afectados pola norma, para axudar así a identificar os problemas existentes aos que a normativa debería facer fronte, os obxectivos perseguidos, e posibles solucións ou alternativas.

A tal fin publícase a presente comunicación a través do portal web do Concello de Viveiro por prazo de 20 días hábiles aos efectos da realización da consulta previa á elaboración da Ordenanza que regulará o Tráfico no Casco Antigo de Viveiro.

En Viveiro, a data que consta á marxe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Loureiro García

documento asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147